

CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE A CONSELLERÍA DE SANIDADE, O SERVIZO GALEGO DE SAÚDE, A AXENCIA GALEGA PARA A XESTIÓN DO COÑECEMENTO EN SAÚDE E CUSTOM IMPLANTS, SL UNIPERSONAL PARA A PARTICIPACIÓN NO LIVING LAB DE SAÚDE DE OURENSE DA REDE DE LIVING LABS DE SAÚDE DE GALICIA (LABSAÚDE)

MEMORIA XUSTIFICATIVA

O xerente do Servizo Galego de Saúde, **DECLARA QUE:**

O Servizo Galego de Saúde formalizou o 09.11.2021 o convenio arriba referido coa entidade Custom Implants, S.L. Unipersonal, por un período de vixencia de un ano, a contar dende a súa sinatura. O co convenio pode prorrogarse por mutuo acordo entre as partes con suxeición ao establecido no artigo 34.2. da Lei 14/2011, do 1 de xuño, da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación, no que ao respecto da prórroga dise que:

"Para os efectos do previsto no artigo 49. h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, a vixencia dos convenios dos parágrafos a), c), d) e e) do apartado anterior, vinculados a un programa ou proxecto español, europeo ou internacional de I+D+i virá determinada nas cláusulas do propio convenio, non podendo superar en ningún caso os cinco anos de duración inicial. Os asinantes poderán acordar unanimemente a súa prórroga, antes da finalización do prazo de vixencia previsto, por un período de ata cinco anos adicionais."

Sendo que no artigo 34.1. da Lei 14/2011, do 1 de xuño, establécese que:

"Os axentes públicos de financiamento ou execución do Sistema Español de Ciencia, Tecnoloxía e Innovación, incluídas as Administracións Públicas, as universidades públicas, os organismos públicos de investigación da Administración Xeral do Estado, os consorcios e fundacións participadas polas administracións públicas, os organismos de investigación doutras administracións públicas, e os centros e institucións do Sistema Nacional de Saúde, poderán subscribir convenios suxeitos ao dereito administrativo. Poderán celebrar estes convenios os propios axentes públicos entre si, ou con axentes privados que realicen actividades de investigación científica e técnica, nacionais, supranacionais ou estranxeiros, para a realización conxunta das seguintes actividades:

- a) Proxectos e actuacións de investigación científica, desenvolvemento e innovación.*
- b) Creación ou financiamento de centros, institutos, consorcios ou unidades de investigación, e infraestruturas científicas.*
- c) Financiamento de proxectos científico-técnicos singulares.*

d) Formación de persoal científico e técnico.

e) Divulgación científica e tecnolóxica.

f) Uso compartido de inmobles, de instalacións e de medios materiais para o desenvolvemento de actividades de investigación científica, desenvolvemento e innovación”.

O instrumento convencional ten por obxecto o establecemento dun marco de actuación para a colaboración entre as partes en actividades de innovación aberta impulsadas polos usuarios a través do modelo Living Lab.

Ditas actividades de I+D+i levaranse a cabo nas instalacións do Living Lab de Saúde de Ourense, situado no Complexo Hospitalario Universitario de Ourense (CHUO).

O proxecto de actuación da entidade no marco deste convenio consiste no deseño e fabricación de implantes a medida no campo de casos clínicos de politraumatismos, traumatismos craneoencefálicos ou columna, deseñados para adaptarse á anatomía do paciente. Para o desenvolvemento dos implantes se empregará unha plataforma, orientada ao campo médico e aos casos clínicos, para facilitar aos facultativos a solución máis axeitada en cada momento, permitindo aos profesionais cargar, visualizar, disociar, interaccionar e xerar modelos 3D a partir de ficheiros DICOM, asistido por enxeñeiros biomecánicos. Emprego de métodos de produción de última xeración, como a impresión 3D para acadar o resultado final perfecto.

A Consellería de Sanidade é o órgano da Administración autonómica responsable da superior dirección e control da execución da política da Xunta de Galicia en materia de saúde, planificación e asistencia sanitaria e farmacéutica, así como o exercicio das competencias da Xunta de Galicia para asegurar á cidadanía o dereito á protección da saúde.

Así mesmo, a Lei 1/1989, do 2 de xaneiro, creou o Servizo Galego de Saúde como un organismo autónomo de carácter administrativo, dotado de personalidade xurídica propia, que ten como finalidade a xestión dos servizos sanitarios de carácter público dependentes da Comunidade Autónoma de Galicia e a coordinación integral de todos os recursos sanitarios e asistenciais.

A Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde (ACIS), é unha axencia pública autonómica que se encadra dentro das entidades públicas instrumentais reguladas no título III da Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. A ACIS foi creada polo Decreto 112/2015, do 31 de xullo, polo que se crea a Axencia Galega para a Xestión do Coñecemento en Saúde e apróbanse os seus estatutos, como un instrumento para a xestión da formación no Sistema Público de Saúde de Galicia, así como para o fomento e a coordinación da investigación nas institucións sanitarias do Servizo Galego de Saúde, a coordinación e o impulso da actividade innovadora da Consellería de Sanidade e do Servizo Galego de Saúde e a avaliación de tecnoloxías e servizos



sanitarios, así como a formación continuada dos profesionais das institucións sanitarias.

Pola súa parte, a entidade Custom Implants, SL Unipersonal, dedícase, entre outras actividades, á industria do deseño, fabricación e comercialización de pezas e solucións a través da impresión 3D, a aplicación da tecnoloxía CAD-CAM e a fabricación aditiva, en todas as áreas e sectores agás no campo dental.

De conformidade ao artigo 131.2 da Lei 8/2008, do 10 de xullo, de saúde de Galicia, a Administración sanitaria promoverá un modelo de innovación aberta orientado a impulsar a creatividade, a cooperación e a aplicación no sistema sanitario dos cambios que acheguen valor a pacientes e profesionais.

Os Living Lab emerxen como organizacións intermediarias que buscan acurtar a brecha existente entre os produtos existentes e as expectativas dos usuarios finais, facilitando así a creación de plataformas de innovación e tecnoloxía, involucrando e mediando entre os usuarios finais e o resto dos actores implicados, organizando e coordinando a experimentación, demostrando ser unha contorna efectiva para a xerminación de novas solucións innovadoras que teñan en conta as demandas sociais.

Por Resolución de 3 de marzo de 2020 púxose en marcha a Rede de Living Labs de Saúde de Galicia (denominada LABSAÚDE) e se aproban e publicaron as bases reguladoras para o procedemento de selección das entidades que participarán no Living Lab de Ourense e procedeuse á súa convocatoria para o ano 2020.

No artigo 16 das bases reguladoras, se establece o procedemento de selección das entidades que serán seleccionadas para a participación no Living Lab de Saúde de Ourense. Finalizado o procedemento de selección das entidades participantes segundo o artigo 16 da Resolución, o 14 de abril de 2021 ditouse a resolución definitiva de selección dos proxectos que participarán no Living Lab de Ourense da Rede Galega de Living Labs de Saúde de Galicia (LABSAÚDE).

Por Resolución definitiva de 14 de abril de 2021 e de acordo co artigo 17 das bases reguladoras, Custom Implants, SL Unipersonal, foi seleccionada como participante no Living Lab de Ourense co proxecto "*Implantes personalizados – CI3D*".

No artigo 18 da convocatoria, establécese o Convenio de colaboración como o instrumento para regular as obrigacións de cada unha das partes no devandito proceso de innovación aberta, en concordancia co disposto no artigo 34 da Lei 14/2011, do 1 de xuño, arriba citado.

O Convenio de colaboración non suporá relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo do Servizo Galego de Saúde cos profesionais da entidade colaboradora, de forma que non se poderá esixir ao Servizo Galego de Saúde responsabilidade directa, indirecta ou subsidiaria algunha polos actos ou feitos acontecidos no seu desenvolvemento.



A propiedade e xestión dos resultados derivados do proxecto desenvolto no marco das actuacións asociadas a este acordo será sempre da entidade participante. Cada unha das partes comprométese a non difundir, baixo ningún aspecto, as informacións científicas ou técnicas pertencentes á outra parte ás que puidese ter acceso no desenvolvemento do presente Convenio, sempre que esas informacións non sexan de dominio público. Os datos e informes obtidos durante a realización dos proxectos, así como os resultados finais, terán carácter confidencial.

Os intereses converxentes das partes asinantes non poden satisfacerse axeitadamente mediante a celebración dun contrato dos contemplados na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014, ou doutro instrumento alleo á natureza estritamente convencional.

En atención ao exposto, e a fin de dar cumprimento ao preceptuado no artigo 15.2. da Lei 1/2016, de 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno, estímase xustificado o recurso á sinatura do instrumento convencional que se pretende, con exclusión doutras figuras.

E para que conste, asíñase esta memoria, en Santiago,

